



COSTA DE NEDA

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 5 km (lineal) + camiñadas

Dificultade: baixa

O litoral de Neda esténdese ao longo de 5 km pola marxe esquerda da ría de Ferrol entre a desembocadura do río Grande de Xuvia e o Puntal de Abaixo. Un tramo de litoral de fondo de esteiro, con xunqueiras e fondos lamacentos, bastante lineal e uniforme, coa parte do esteiro do río Grande desnaturalizada por valados de contención; o esteiro do río Beelle, en estado casi natural, e un tramo de costa baixa pouco alterada.



Costa de Neda

RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha gran acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal que a alimenta é o Grande de Xuvia. Tamén desemboca nela o río Beelle. As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior. É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con gran actividade industrial. As vilas máis importantes son Ferrol, Narón, Xuvia, Neda, Fene e Mugardos.



- 1-Río Xuvia
- 2-A Bacela
- 3- O Empedrón.
Ribeira da Toeira.
- 4-Ribeira do Coto
- 5-O Carreiro
- 6-Ribeira de Santa María
- 7-Río Beelle.
Desembocadura
e porto de Neda
- 8-Ribeira da Mercedes
- 9-Praia e porto
do Puntal de Abaixo



Vista desde o monte Ancos

PERCORRIDO


Como a estrada non pasa preto da costa temos que facer curtos desvíos e paradas para achegarnos aos puntos de máis interese. A primeira parada facémola na proximidade da **ponte de Xuvia** onde comeza o paseo, logo, na estrada collemos o primeiro desvío á dereita (estrada a Fene) e a uns 700 m outro desvío á dereita para achegarnos á **área de lecer do Carreiro** e ao **esteiro do Belelle**. De volta na estrada temos outro desvío, en Neda, ao **porto** na desembocadura do río. Volvemos á estrada donde ao pouco de pasar o acceso á autoestrada chegamos ao desvío ao pazo da Merced e uns 700 m máis adiante o último desvío ao **peirao e a praia do Puntal**.



1-RÍO GRANDE DE XUVIA. Nace nos montes de Serra en terras das Somozas e, despois de 31 km, desemboca na Ría do Ferrol, entre Narón (Xuvia) e Neda.



Desembocadura do río Grande de Xuvia. Coas súas augas funcionou desde 1903 a Real Fábrica, que nos primeiros tempos foi de caldeirería de cobre, no 1909 de armas, logo de moeda e máis tarde fábrica textil.



2-A Bacela



Ponte peonil do paseo marítimo Neda-Narón



A Bacela



3- O Empedrón



Ribeira da Toeira




4-Ribeira do Coto



5-O Carreiro



O Carreiro



O Carreiro



Un dos brazos da desembocadura do Río Bellele.



6-Ribeira de Santa María

RÍO BELELLE

Nace no Forgoselo e desauga na ría de Ferrol, en Neda.

Foi un río cun gran aproveitamento para mover mecanismos en muiños, fábricas de papel, e téxtiles, e nel instalouse unha das primeiras centrais hidroeléctricas. Hoxe move dúas minicentrais.



Porto de Neda

7-Río Bellele. Desembocadura.



Porto de Neda



8-Ribeira da Mercedes



Praia do Puntal de Abaixo



Porto do Puntal de Abaixo



O Puntal